

Xoves, 16 de maio de 2024

Núm. 96

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Persoal, oposicións**

APROBACIÓN DE MODELO DE SOLICITUDE DO PROCEDEMENTO PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA POR CONCURSO ESPECÍFICO DOS POSTOS A1 E A2 (EXPTE. 41702-220)

ANUNCIO

A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, o 9 de maio de 2024, adoptou a seguinte resolución:

“PRIMEIRO.— Aprobar o modelo normalizado de solicitude (Formulario web) e modelo de “autobaremo” dos méritos xerais e específicos alegados na primeira fase, anexo á solicitude do procedemento para a provisión definitiva por concurso específico dos postos de A1 e A2 e que se xuntan, respectivamente, como Anexo I e Anexo II á presente resolución, todo elo ao abeiro do disposto no artigo 66, apartados 4 e 6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SEGUNDO.— Ordear a publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, dispoñendo a súa inserción no Taboleiro de anuncios e edictos, na web municipal aos efectos do seu público coñecemento.

TERCEIRO.— Publicar na sede electrónica do Concello de Vigo, unha vez aprobados, e trala publicación das sucesivas convocatorias de provisión, o modelo normalizado de solicitude (Formulario web) e modelo de “autobaremo”, anexo á solicitude, do procedemento para a provisión definitiva por concurso específico dos postos de A1 e A2, conforme ás bases reitoras e criterios xerais publicados nos BOP 218 de 13/11/2023, BOP núm. 59, de 22/03/2024, BOP núm. 63 de 1/04/2024).

CUARTO.— Dar conta da presente resolución á Oficina de Asistencia e Rexistro e ao persoal da área de Recursos Humanos e Formación.

QUINTO.— Informar que, contra a mesma, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Vigo, data da sinatura electrónica,

O Alcalde.



Xoves, 16 de maio de 2024

Núm. 96

P.D. A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023).— María Olga Alonso Suárez

P.D. A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023).— Patricia Rodríguez Calviño

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: N5WM718RFK5GMEEX

